

## ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO ALUMNADO AO CONSELLO ESCOLAR

### CONVOCATORIA

De acordo coa RESOLUCIÓN do 20 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 29/09), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DO ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme o establecido no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado segundo ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **4 alumnos**, dun total de **4** que debe ter o Consello Escolar.

2.- O censo electoral do alumnado está exposto a partir da data no taboleiro de anuncios do Centro.

3.- As candidaturas correspondentes poderanse presentar a partir do día da data ata as 14:00 horas do día 12 de novembro.

4.- A mesa electoral estará formada polo Director do Centro, que actuará como presidente, e dous alumnos actuando como secretario ó de menor idade.

5.- Cada alumno fará constar na papeleta das eleccións un máximo de **3** da lista de candidatos/as.

6.- O voto será directo, secreto e non delegado.

7.- As votacións realizaranse neste IES o **día 24 de novembro, de 10:00 a 14:00 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 9:45 horas

8.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Lugo, 4 de novembro de 2021

O DIRECTOR DO CENTRO E  
PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL



Asdo.: Carlos Çazón Rivas